



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2024/9
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, MARTES 3 DE SETEMBRO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 12:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

OLALLA BENLLOCH LEMA

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

AUSENCIAS:

PP

ROSARIO GONZALEZ LEMA

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: ROSA MARIA FERNANDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da Acta da sesión anterior celebrada o pasado 9 de agosto de 2024

A Secretaria manifesta que deben ser realizadas as seguintes correccións na acta:

A referencia, na intervención de D Javier Sar, ao concello de Mugardos é ao Concello de Moeche.

Facer constar na intervención de Dna Mercé Barrientos, no punto 2 da sesión, que o Sr. Alcalde a interrompe manifestando “que pesada”.

Na votación do punto 3 da sesión, o cómputo dos votos do Grupo municipal PSOE é 5 e non 3 como por erro consta.

A acta queda aprobada por unanimidade coas correccións mencionadas.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

2.- Proposta sobre Plan Adicional 2/2024 . 2b e 3/2024

A secretaria explica que todos os grupos teñen copia da proposta ditaminada pola informativa correspondente.

Inicia o debate Dna Sandra Vilela: “Hai un informe da intervención que di que é preciso destinar eses fondos a gasto corrente e iso é motivado por algo que xa dixemos que é que fagan os orzamentos porque co orzamento seguramente poderíamos adicar eses fondos a financiar obras ou servizos, o que consideramos máis importante. Pídlle que faga os orzamentos, vostede di na prensa que a culpa de que non haxa orzamentos é da oposición porque non quere negociar, e non é así xa que estamos dispostos a negociar todas as cousas e aquí está o exemplo. Vostede prometeu negociar o POS e a realidade non é así, senón que a poucos días do prazo final trae unha proposta que a oposición pode rexeitar ou non. Gasta todo o remanente sen facer nada destacable no Concello. Volvo a dicirlle que cando queira negociar os orzamentos aquí estamos.”

O Sr Alcalde pregunta á interventora se no Concello de Cee hai orzamento e se destina estes fondos tamén a gasto corrente, ao que a interventora contesta afirmativamente.

A continuación intervén D Javier Sar (IxM): “ Que haxa orzamentos en Cee non quere dicir que non os teña que haber en Muxía. Quero lembrarlle que as obras que menciona na proposta presentadas foron metidas no POS cunha emenda da oposición e á que o grupo do goberno votou en contra.”

Seguidamente intervén Dna Mercé Barrientos (Grupo Mixto): “ No POS traía unha cantidade para gasto corrente para poder destinar despois fondos ao SAF e nós dixemos de facer unha modificación de crédito para o SAF. O gasto corrente do POS foi de 90.000 euros que gastou e agora precisa 600.000 máis e segue a faltar diñeiro segundo o informe de intervención. Aínda destinando a maior parte do POS a gasto corrente non cubriremos os gastos. Fai un ano que pedimos que a intervención non dixese que gastos de auga habería porque se gastaran 182.000 € na auga de Prado, e dixemos que debía de haber alí un problema e non o miraron e este ano volve a gastar diñeiro alí.”

O Sr Alcalde interrompe a exposición de Dna Merce Barrientos, dicindo: “Vostede está a falar mal dos operarios municipais que traballan e non están non medio das silvas. Hai videos nos que se a ve saíndo das silvas asustando aos operarios. Saíu vostede ou non dunhas silvas?”

Dna Merce Barrientos continúa: “ Deixe de interromper, non vou a colaborar nos seus delirios, quere vostede coartar a miña liberdade de estar onde quero e facendo o que me da a gaña.”

Volve a interromper o Sr Alcalde: “Negao? Recolla vostede os burofax que lle envían os abogados que defenden aos menores e non se faga a tonta. Se non quere recoller o burofax na casa farao en Correos ou no seu grupo parlamentario.”



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A Secretaría aconsella á Alcaldía que se axuste á Orde do día da sesión.

Continúa Dna Mercé Barrientos: “Estou no meu turno de palabra e sigo sen poder intervir porque o Alcalde non mo permite.”

O Sr Alcalde intervén: “ Quero que conste en acta que Merce ten un burofax para recoller relativo aos dereitos dunha menor e non o quere facer e que saíu do medio das silvas”

Continúa Dna Merce Barrientos: “Gastou nun mes 65.000€ en auga e cando o BNG dixo que había unha fuga en Prado e outra en Ozón e agora en Añobres fomos insultados.

Volve a intervir o Alcalde: “ Que insultos? É vostede moi mentireira, mentireira, non recolle o burofax, sae das silvas e logo di que no, e di que a insultamos pero non sabe reproducir os insultos.”

Continúa Dna Merce Barrientos: “Todos os veciños dicían que ali había unha fuga e podería terse evitado o gasto de 250.000€ para un solo depósito. Esos cartos desapareceron e tamén será así cos do POS que poderían ir para obras, para arranxo dos camións do lixo que están paralizados e non se reparan. Se está a pagar moito diñeiro a un servizo externo que podería ser prestado polos operarios municipais. Isto fai que o POS teña que ir a gasto corrente, esa forma de xestionar que compromete a viabilidade económica do Concello, estando ademais recibindo constantes avisos da intervención sobre prudencia do gasto, licitacións do servizo, etc.

A defensora do Pobo advírtelle varias veces da legalidade e se persiste na súa actitude advírtiralle das consecuencias legais. Recomenda que cumpra a lei do defensor do pobo e mande os documentos que lle pide.”

Intervén o Sr Alcalde: “Fai o que facía o PP na lexislatura anterior, sei perfectamente o do Valedor, xa o facía o PP. Debería de dicirlle tamén ao Valedor que Merce Barrientos coarta dereitos a menores . Merce é unha máquina de mentir cando di que teño delirios e non sair das silvas, e hai documento gráfico de como o fai. Danos permiso para publicalos?.

A Secretaría volve a lembrar a necesidade de que o debate se axuste á Orde do Día.

Continúa o Alcalde: “Queda vostede definitivamente como unha mentireira.”

Os grupos municipais de PP, IxM e Mixto abandonan a sesión.

O Sr Alcalde continúa: “ Volvo a dicir que Dna Merce Barrientos que agora marcha de malas formas, como é ela, vulnera os dereitos dun menor e non recolle os burofax que lle mandan.

A oposición tiña perdida a votación e vaise. Son esas as persoas que traen emendas ao que eu traio e quitan cousas aos muxiáns. Os POS están para financiar gasto corrente e por iso este goberno o destina a gasto



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

corrente como todos os Concellos de todos os colores.

Sometido o asunto a votación, tendo en conta o determinado no artigo 100 do ROF, “ Se considerará que se absteñen os membros da Corporación que se houberen ausentado do Salón de Sesións, unha vez iniciada a deliberación do asunto e non estiveran presentes no momento da votación”, o Pleno por 5 votos a favor do grupo municipal PSOE e a abstención do resto dos concelleiros/as que acudiron á sesión (5), acorda:

1.-“Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 3/2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

Gastos correntes 2024	Asignación POS+ Ad 3/2024 aplicada
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	45553,19

Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

2.- “Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	246655,03

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos			Orzamento total
	Deputación	Concello		
		Achega municipal	IVE soportado deducible	
		(só cando sexa)		



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

			deducible nos abastecem. de auga potable)		
	0	0	0	0	0
TOTAL	0	0	0	0	0

Investimentos financeiramente sostíbeis novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
	0	0	0	0	0
TOTAL	0	0	0	0	0

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa	Total Concello	



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

	n		deducible nos abastecem . de auga potable)		o Total
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	246655,03				246655,03
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)					
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)					
TOTAL	246655,03	0	0	0	246655,03

2.- sen contido.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- sen contido

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Ás 12:25 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, luns 30 de setembro de 2024

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña